

Explicación sobre a nova tarefa.

Unha vez xa teñades feitas as representacións para as construcións das imaxes para lentes converxentes e diverxentes, toca empezar problemas.

Vouvos colgar problemas de óptica de ABAU xa resoltos, empezade por lentes, xa que de espellos aínda non falamos.

Nu problema deste tipo sempre hai que facer a representación, de xeito que os resultados que obteñades ao resolver o problema nunca poden contradicir a representación que fagades.

Eu recomendo saber de antemán que tipo de imaxe se forma en cada caso, xa que así un posible erro é moi fácil de detectar.

Tede moito coidado no uso do criterio de signos (DIN) xa que é o voso principal erro, ao final estes problemas non teñen moita dificultade, trátase de aplicar fórmula, só tede coidado co criterio de signos, e coma sempre analizade que o resultado sexa coherente cos coñecementos que adquirístedes.

Tamén podedes facer cuestións teóricas de lentes.

De novo moito ánimo.